

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

### ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía núm. 416/2019, de 3 de xullo, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu o seguinte:

“A Deputación Provincial da Coruña acordou aprobar as bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2019 (Resolución de Presidencia nº 2019/4062 de 01/02/2019, publicada no BOP núm. 26 de 6 de febreiro de 2019).

A finalidade desta subvención é fomentar o emprego nos Concellos mediante a contratación de persoal en risco de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas con ditos servizos.

O Concello de Ponte deume levará a cabo o proxecto, que ten como obxecto realizar distintas actuacións no termo municipal, así como garantir uns servizos públicos esenciais para o cidadán.

Polo tanto, para desenvolver este proxecto é necesario cubrir as prazas necesarias e que prevé a contratación de 1 traballador/a desempregado/a inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia: 1 oficial de 1ª albanel, Isto farase a través de contrato laboral temporal vinculado ao programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio 2019 (Programa de integración laboral 2019), por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as funcións e tarefas obxecto da contratación. Os contratos realizaranse a xornada completa, e terán unha duración dende a sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2019.

Tendo en conta que por resolución da Alcaldía número 354/2019, do 14 de xuño, resolveuse aprobar as bases da convocatoria para a selección dun/ha oficial 1ª albanel.

Visto o informe do departamento de persoal referida á listaxe de admitidos e excluídos.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO:** Nomear o tribunal de selección, que queda constituído do seguinte xeito:

Presidenta: Dona Lucía Varela Martínez, Interventora do Concello de Ponte deume.

Vogais:

1º Vogal.- Dona Isabel Paz Calvo, administrativa do Concello de Ponte deume.

2º Vogal.- Don Juan Carlos Vázquez Méndez, Policía Local do Concello de Ponte deume.

3º Vogal.- Don Nicolás Placer Sande, administrativo do Concello de Ponte deume.



Secretaria: Dona Eva Guerrero Rico, Administrativa do Concello de Pontedeume.

**SEGUNDO:** Aprobar a lista de admitidos e excluídos que figura de seguido:

	ADMITIDOS/AS	DNI nº
1	ALLEGUE IGLESIAS ANTONIO	76*****3T
2	CARPENTE GARCÍA ANTONIO	*****099M
3	CRESPO GONZÁLEZ JAVIER	Y4*****38*
4	CURBEIRA FONTE MARCIAL	3263*****

	EXCLUÍDOS/AS		Motivo de exclusión
1	CRÍADO FONTE JOSÉ MANUEL	326*****V	Non credita o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.
2	DÍAZ CARBALLO MANUEL EDUARDO	32*****3C	Non credita o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.
3	VÁZQUEZ REY BRAULIO	*****247E	Non credita o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

**TERCEIRO:** Conceder un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións.”

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente, Bernardo Fernández Piñeiro.